



SEREI QUEN DE CREAR A MIÑA PROPIA MÚSICA?: MICROUNIDADES PARA A CREACIÓN MUSICAL CO LINUX MULTI- MEDIA STUDIO (LMMS)

BANCO DE RECURSOS PARA O TRABALLO CO LMMS

JORGE J. SUÁREZ NAVIA
-Xuño 2017-



RECURSOS	FONTES	VALORACIÓN
<p>WEB OFICIAL DO LMMS</p>	<p>https://lmms.io/</p>	<p>Non existe, como tal, unha web oficial de referencia para esta aplicación: trátase de <i>software</i> libre e de código aberto.</p> <p>Se o que buscamos é un aloxamento web máis ou menos oficial, este é sen dúbida o sitio e a xente que o está a manter, con Tobías Doerffel á cabeza, traballa paseniño pero con moito rigor e seriedade.</p> <p>Ambiente agradable, contidos claros e explicacións precisas.</p> <p>A páxina está en inglés (se traducimos as páxinas co tradutor de Google o resultado é bastante axeitado)</p>
<p>DOCUMENTACIÓN e DESENVOLVEMENTO</p>	<p>WIKIPEDIA https://lmms.io/wiki/index.php?title=Main_Page</p>	<p>De novo, remitimos ó dominio anterior pero cargando unha WIKI,</p> <p>Recolle 4 apartados (Documentación, Guías, Comunidade e Consellos sobre o LMMS) con distinta cantidade de items.</p> <p>Está moi ben, recolle toda a información esencial sobre o Programa. É o repositorio de información e documentación máis completo que existe sobre o LMMS.</p> <p>Toda a información aparece en inglés (se traducimos as páxinas co tradutor de Google o resultado é bastante axeitado)</p>
<p>MANUAIS</p>	<p>LMMS-User Manual: https://lmms.io/pdf/lmms-manual-0.4.12.pdf</p>	<p>É un manual en .pdf para a versión 0.4.12 do LMMS. Está ben, resulta completo pero, se cadra, algo xa superado e moi teórico. Aporta un coñecemento moi profundo sobre a aplicación.</p> <p>Está en inglés.</p>
	<p>LMMS Manual: https://www-user.tu-</p>	<p>Escrito en 2008 por Paul Wayper e Tobias Doerffel, foi o primeiro intento de escribir un manual de usuario do LMMS.</p>

	chemnitz.de/~doto/lmms/manual.pdf	Está en inglés e está bastante incompleto. Tobías Doerffel é a verdadeira <i>alma mater</i> deste proxecto
	Campus Virtual de Educación Digital – Buenos Aires: Tutorial LMMS https://docs.google.com/file/d/0B-ZXVZOB0us3OWxXTjBpTkNGS2M/edit	Manual moi sinxelo pero moi interesante, que amosa a <i>interface</i> dun modo sinxelo e directo e que da unha moi boa idea das utilidades que estamos a ver na pantalla principal do programa. Está en castelán, así que é dobremente interesante: é das mellores achegas que atopei neste idioma.
BLOGS e FOROS	http://lmms4all.blogspot.com.es/	Blog en castelán que está tentando de empezar a ter algo de vida.
	https://lmms.io/forum/	Apartado creado dentro do espazo da WIKIPEDIA para o LMMS. De momento non parece ter moito movemento. Esta en inglés.
CANLES EN REDES SOCIAIS		En Facebook:
	https://www.facebook.com/LMMS.fans/	Non se puido chequear por carecer de conta. Non parece que de momento teña moita vida pero de seguro que a irá collendo pouco a pouco.
	https://es-es.facebook.com/makefree-music/	Non se puido chequear por carecer de conta. Parece que si que se ten convertido nun referente para a comunidade do LMMS por canto indica que ten máis de 5400 seguidores.
		En Youtube:
	CUBICIAN https://www.youtube.com/user/CubicianOfficial	Cubician é un youtuber moi comprometido coa realización de videotutoriais para o LMMS. Foi un dos máis grandes referentes á hora de elaborar todo o material: os videotutoriais están moi ben explicados, resultan moi interesantes e aproveitables, ben estruturados e pensados.

		Están en inglés.
	<p>CALLYBEAT https://www.youtube.com/user/callybeat</p>	<p>Outro youtuber activo nisto do LMMS. Os videotutoriais están ben aínda que son algo lentos no seu desenvolvemento.</p> <p>O máis positivo: están en castelán.</p>
	<p>OUTROS</p>	<p>Entrando en Youtube e tecleando LMMS, ó momento aparece moito material ó respecto: videotutoriais, composicións... Sempre acaba por aparecer o que andas a buscar, a dúbida que tes que resolver.</p>
<p>VIDEOTUTORIAIS</p>	<p>WIKIPEDIA https://lmms.io/wiki/index.php?title=Video_tutorials</p>	<p>Verdadeiro repositorio de videotutoriais, organizados por temáticas e/ou utilidades. Moitos dos enlaces remiten a videotutoriais de Cubician (youtuber do LMMS) e outros. Está moi ben e foi unha grandísima referencia para min.</p> <p>Os videotutoriais están en inglés.</p>
<p>TUTORIAIS</p>	<p>WIKIPEDIA https://lmms.io/wiki/index.php?title=Manual</p>	<p>Se es dos que non lle gustan os videotutoriais pero queres aprender o funcionamento do LMMS, se prefires un formato de lectura para ir coñecendo como funcionan as utilidades este é o teu sitio.</p> <p>De novo, está en inglés máis empregando o tradutor de Google obtéñense máis que aceptables resultados.</p>

BANCO DE RECURSOS PARA O TRABALLO CO LMMS

Jorge J. Suárez Navia

Xuño-2017